

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL

A continuación descríbense brevemente as características principais desta convocatoria de axudas, aínda que a información que se considerará oficial a todos os efectos será a publicada na *ORDE do 27 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol Economía Social) e se convocan para o ano 2019. (DOG nº 20 do 29 de xaneiro de 2019)*

### OBXECTO

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en réxime de concorrencia non competitiva, coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e proceder á súa convocatoria para o ano 2019.

Programa I: dirixido a fomentar a incorporación, como persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, de persoas desempregadas, de traballadores e traballadoras con carácter temporal e de persoas socias a proba.

Programa II: dirixido a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como o fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, a través do financiamento das achegas económicas ao capital social.

### TIPO DE AXUDAS

Programa I: Contía dos incentivos: entre 6.000 e 16.500 euros por persoa que se incorpore, ata un máximo de 67.500 euros por entidade beneficiaria.

Programa II: Contía dos incentivos: entre 3.000 e 16.500 euros

### A QUEN VAI DIRIXIDO

Programa I: Dirixido a fomentar a incorporación, como persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, de persoas desempregadas, de traballadores e traballadoras con carácter temporal e de persoas socias a proba.

Programa II: Dirixido a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como o fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, a través do financiamento das achegas económicas ao capital social.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Ata o 1 de outubro de 2019

### NORMATIVA

ORDE do 27 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol Economía Social) e se convocan para o ano 2019. (DOG nº 20 do 29 de xaneiro de 2019)

## MÁS INFORMACIÓN

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190129/AnuncioG0424-281218-0017\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190129/AnuncioG0424-281218-0017_gl.pdf)